

PLAN DE CONVIVENCIA

(Aprobado no Consello Escolar do 15/03/2016. Actualizado 3/10/2017)

NORMAS XERAIS

1. Ningún alumno/a pode entrar no recinto escolar ata as 9:00 da mañá, hora na que se abrirá o portal pequeno do patio superior (entrada peonil do colexio).
2. Unha vez dentro do recinto, ningún alumno/a pode abandonalo sen permiso do profesorado que esté de vixilancia.
3. Ás 9:15 horas soará a música ou timbre para subir ás aulas. Aproximadamente ás 9:20 h. o porteiro-vixiante, pechará os portais do recinto escolar que só se poderán abrir, tanto para entrar como para saír, dende Dirección, Secretaría, Sala de Profesores ou Conxersería.
4. Ao soar a música (ou timbre), todos os alumnos/as prepararanse para entrar, ordenándose en filas, por cursos, no patio.
5. O alumnado entrará en orde e irá directamente ás clases sen deterse nos servizos. A entrada será o máis rápida e ordenada posible.
6. Polas escaleiras subirase en fila e sen atropelos, deixando sempre libre a nosa esquerda para permitir o tránsito de persoas.
7. O alumnado deberá vir preparado/a para a clase traendo o material que vaia necesitar. Entrará na clase en orde e sentarase no seu sitio preparándose para iniciar a clase.
8. O alumnado deberá acceder ás aulas correctamente vestido e aseado, coa cabeza e rostro perfectamente visible e sen ningunha preda ou obxecto que obstaculice a súa identificación.
9. Antes de soar o timbre ou durante os recreos, utilizaranse os servizos exteriores. Durante as clases usaranse os baños interiores, sempre coa autorización do profesorado. Está prohibido xogar coas portas dos baños.
10. Durante os recreos non está permitido andar por dentro do colexio sen autorización, salvo para ir á Biblioteca ou Ludoteca.
11. Despois do recreo o alumnado irá directamente ás aulas sen deterse nos servizos.
12. Cando soe a música ou o timbre, indicando o final do recreo observaranse as mesmas normas que para a entrada.
13. Serase puntual na hora de entrada. Aquel/a que chegue despois da hora oficial de entrada, deberá dirixirse á Dirección do Centro acompañado da persoa que o traia ao colexio para firmar no correspondente rexistro.
14. Os alumnos/as deberán dirixirse aos compañeiros/as, profesores/as e demais membros da Comunidade Educativa con educación e respecto.
15. Respectarase o mobiliario e material do Centro así como o dos compañeiros/as e profesores/as. Está prohibido pintar nos mobles, paredes, estragar o material ou tirar ao chan papeis, restos de comida, etc, para tal fin utilizaranse as papeleiras. O alumnado estará obrigado a reparar os danos ocasionados intencionadamente.
16. Ás clases de Educación Física acudirase coa indumentaria axeitada para facer exercicios e deporte (chándal, sudadeiras, camisetas e pantalóns de deportes...). En ningún caso poderase asistir con roupa ou calzado de rúa ou que lle impidan realizar as actividades propias desa materia.
17. Está prohibido colgarse das porterías, espaldeiras, canastas, varandas, verxas ou muros.
18. A saída das clases farase en orde, sen correr e procurando non estorbar o paso dos compañeiros.
19. Unha vez rematado o horario escolar non se poderá acceder ás aulas salvo coa autorización dun profesor/a.

20. Ningún alumno/a poderá saír só do Centro. Deberá ser recollido por persoas autorizadas, e/ou contar coa autorización da Dirección do Centro, no caso de 5º e 6º.
21. Ao rematar a actividade escolar, o alumnado só poderá permanecer no recinto escolar por un tempo de 10 minutos. A partir dese momento pecharase o portal. Queda fóra desta norma o alumnado que esté baixo a vixilancia do persoal posto polo ANPA para servizo de gardería.
22. Para dar cumprimento da Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal e da Lei de Protección do Menor, aconséllase non realizar fotografías, gravacións ou difusión de imaxes.
23. O alumnado non poderá acceder ao recinto escolar con teléfono móbil ou calquera outro aparello electrónico: PSP, DS, MP3 ou similares salvo autorización do Centro.
24. Queda igualmente prohibida a entrada de animais, bicicletas, patíns, patinetes ou similares que non contén coa correspondente autorización.
25. Unha vez rematado o servizo de comedor, o recinto quedará pechado e ninguén poderá entrar sen utilizar chave ou sen permiso do persoal que esté dentro do recinto escolar coa correspondente autorización (persoal de limpeza, profesorado de garda ou membros da directiva da ANPA).
26. Prohíbese calquera tipo de publicidade que promova ou xere violencia: folletos, camisetas, etc.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA O COMEDOR ESCOLAR

1. Antes da entrada ao comedor, os alumnos/a deixarán os seus enseres persoais nos percheiros correspondentes situados no pavillón. As carteiras deben quedar colgadas igual ca roupa e non se pode deixar nada tirado no chan.
2. O alumnado disporase de forma ordenada, nunha única fila para entrar no comedor. Non se pode xogar na fila de entrada ao comedor e menos cando se está xa dentro do comedor.
3. Non se pode entrar no comedor portando balóns, xoguetes, cromos, etc. Non se pode usar o balón nin antes nin despois do comedor.
4. Antes de entrar no comedor, todos os alumnos/as deben lavar as mans.
5. Cada alumno/a debe pedirlle ás cociñeiras só aquela comida que vaia comer, pero ten que comer un mínimo que inclúa a sobremesa.
6. Os camareiros/as non poden saír do comedor nin estar xogando entre eles ou cos comensais mentres serven.
7. Ninguén pode saír do comedor ata que teña o permiso dos profesores/as colaboradores/as.
8. Non se pode andar cambiando de sitio durante a comida.
9. Ninguén pode baleirar a bandexa nos contedores sen que un profesor/a lle de permiso e comprobe que comeu o mínimo necesario.
10. Non se pode saír con comida (incluído pan ou sobremesa) do comedor.
11. Todo o alumnado que utilice este servizo debe comer un mínimo de cada un dos pratos que compoñen o menú (salvo prescrición médica).
12. Unha vez que se sae do comedor non se pode volver a entrar salvo autorización do persoal colaborador.
13. Ninguén pode estar na cociña nin onde está o lavavaixelas. Esas dependencias son de uso exclusivo das cociñeiras.
14. Dentro do comedor non se pode falar en voz alta. Débese estar ben sentados e comer correctamente.
15. Non se pode entrar a coller as carteiras ata que toque o timbre (salvo permiso do persoal colaborador) nin se pode estar xogando dentro do colexio nin ao lado das portas de entrada.
16. Ao tocar o timbre, todos os alumnos/as deben facer correctamente as filas, por curso ben nos soportais ou no pavillón e esperar a que lle indiquen que poden pasar a recoller as súas pertenzas.
17. O alumnado usuario do transporte debe facer as filas no porche e por cursos, empezando polos máis pequenos.
18. Non se pode asistir ao comedor se ese día non se asistiu ás clases.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR

1. O alumnado que utilice o transporte escolar deberá facer as filas no porche do colexio seguindo as indicacións do persoal colaborador do comedor.
2. Farán as filas por cursos (empezando por 1º) coas mochilas preparadas para subir aos autobuses.
3. Subirán aos autobuses en orde ocupando os asentos que lle teña asignado o persoal acompañante.
4. Unha vez dentro do autobús hai que estar sentados e sen levantarse ata chegar a parada correspondente.
5. Dentro do autobús non se pode berrar nin facer ningún tipo de actos que distraian a atención do condutor. Obedecerase en todo momento as directrices do persoal acompañante.

FALTAS (As faltas clasifícanse en LEVES OU GRAVES)

Terán a consideración de faltas leves (sempre que non acaden a gravidade requirida).

- As agresións físicas ou psíquicas, injurias, ofensas, ameazas, coaccións ...
- A discriminación por raza, sexo, orientación sexual, nivel económico, social ou conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade, etc.
- O desafío á autoridade do profesorado e persoal de administración ou servizos.
- Os actos inxustificables que perturben o normal desenvolvemento das clases ou das actividades extraescolares ou complementarias.
- Os danos causados ás instalacións, material escolar ou bens doutros membros da comunidade educativa intencionadamente.
- As actuacións prexudiciais para a saúde ou integridade persoal así como as incitacións ás mesmas: portar obxectos ou substancias perigosas.
- A inasistencia inxustificada ás clases.
- As faltas reiteradas de puntualidade.
- A asistencia reiterada ao Centro sen o material preciso para as clases.
- A non realización sistemática das tarefas escolares será considerada como falta leve.
- O incumprimento xeral das normas de convivencia do Centro.

Terán a consideración de faltas graves:

- A grabación, manipulación ou difusión de información que atente contra a honra, intimidade, dignidade persoal e a propia imaxe.
- A situación de acoso escolar.
- A suplantación da personalidade, falsificación ou substracción de documentos.
- Abandonar o recinto escolar sen permiso.
- Tirar comida durante o servizo de comedor escolar.
- Botar cousas na comida dalgún/a comensal.
- Menosprezo hacia o persoal colaborador, de cociña ou conserxe.
- A rotura de material de xeito reiterado e intencionado.
- Non obedecer as indicacións do persoal colaborador ou de cociña.
- Pelexarse cos compañeiros antes, durante ou despois do servizo de comedor.
- O cometer tres faltas leves.
- E tamén, as faltas recollidas no apartado de FALTAS LEVES cando acaden a gravidade requirida en dito precepto.

SANCIÓNS

As faltas leves sancionaranse con:

1. Amoestación verbal privada ou por escrito.
2. Comparecencia ante a Xefatura de Estudos.
3. Realización de traballos específicos en horario lectivo ou non lectivo.
4. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias (ata dúas semanas).
5. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases (ata tres días lectivos).
6. Cambio temporal de grupo previo acordo entre o/a titor/a e o demais profesorado implicado en tal medida.
7. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro (ata tres días lectivos). Durante a suspensión realizará deberes para evitar a interrupción do seu proceso formativo.
8. A reparación dos danos causados.

As faltas graves sancionaranse con:

1. Realización, dentro e fóra do horario lectivo, de tarefas que melloren a vida do Centro.
2. Suspensión temporal do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias (de entre dúas semanas a un mes).
3. Suspensión temporal do dereito de asistencia a determinadas clases (de 4 días a dúas semanas).
4. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro (de 4 días a un mes). Durante a suspensión o alumnado realizará deberes para evitar a interrupción no proceso formativo.
5. A reparación dos danos causados. A rotura de material ou mobiliario tanto do colexio como do comedor, levará consigo a obriga de abonar o importe do material roto. O non cumprimento deste abono, no caso do comedor, no prazo de 3 a 5 días, será motivo de exclusión definitiva do servizo.
6. Cando un alumno/a cometa tres faltas leves no servizo de comedor, será considerado falta grave e, a proposta do Encargado/a de Comedor, levará consigo a exclusión do servizo de 1 a 3 días previo aviso aos pais.
7. Cambio de Centro.

En todo caso, as sancións terán sempre un carácter educativo e recuperador e estarán basadas nos seguintes principios:

- O alumno/a non poderá ser privado do seu dereito á educación ou escolaridade.
- Non se imporán correccións contrarias á integridade física e dignidade persoal.
- Serán proporcionais á conduta.
- Terán en conta a idade e as circunstancias persoais, familiares e sociais.